



**CONCELLO DE
PONTECESO**

Rúa Concello, 18 (01500 Ponteceso, Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

**M^a DEL CARMEN SEOANE BOUZAS, SECRETARIA EN ACUMULACIÓN DO
CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)**

**CERTIFICO: Que na sesión de Xunta de Goberno Local celebrada o 30.01.2017
adoptouse o seguinte acordo:**

**“4. CONTRATO OBRA “REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE CAMIÑOS
PÚBLICOS EN DIVERSAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE PONTECESO”
SUBVENCIONADAS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

Dáse conta da proposta de alcaldía do 09.09.2016.

Visto o expediente tramitado para a contratación das obras de “REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE CAMIÑOS PÚBLICOS EN DIVERSAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE PONTECESO”, así coma os informes de intervención e secretaría obrantes no expediente e a proposta formulada pola mesa de contratación, e conforme á documentación aportada polo contratista.

Visto o informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 16.07.2015, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen prexuízo de terceiro e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade dos seus membros presentes
ACORDA:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de obras “REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE CAMIÑOS PÚBLICOS EN DIVERSAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE PONTECESO” a López Cao SL, por importe de 56.991,00 €, IVE incluído e un prazo de duración de 30 días, conforme ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas e á oferta presentada, por ser esta a máis vantaxosa de todas as ofertas presentadas conforme ao cadro:

ORDE	EMPRESA	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1	Construcciones López Cao SL	40	58,2	98,2
2	Excavaciones Agra Castro SL	40	52,4	92,4
3	Excavaciones Cernadas Valiña SL	34	56,9	90,9
4	Construcciones Ramón Vázquez y Reino	40	45,91	85,91
5	Syr-Amg SLU	30	55,02	85,02
6	Hordescan SL	23	53,3	76,3
7	Excavaciones y Obras Melchor SL	19	55,01	74,01
8	Asfalgal Técnicas Viarias SL	24,5	36,356	60,856
9	Construcciones Alejandro Martínez e Hijos	37	12,25	49,25

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida correspondente do orzamento en vigor.

Terceiro.- Notificar o acordo ao resto de licitadores e ao contratista e emprazarlle para que no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación do acordo se persone no Concello para a sinatura do contrato.

Cuarto.- Publicar a adxudicación definitiva do contrato de obras no Perfil do contratante no prazo de corenta e oito días a contar dende a data do presente acordo.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”.

E para que conste e xurda os efectos oportunos expido o presente certificado, coas salvidades recoñecidas no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Ponteceso, a 13 de marzo de 2017.

